



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

GALICIA
LABORAL**LOITA**
polo **TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 693 Semana do 29 de agosto ao 4 de setembro de 2016

AS TAXAS DE COBERTURA POR DESEMPREGO ESTÁN EN MÍNIMOS E AS PRESTACIÓNS PERDEN O SEU CARÁCTER CONTRIBUTIVO**O BO DATO DO PARO REXISTRADO DO MES DE AGOSTO EN GALICIA NON PODE OCULTAR OS ALTOS ÍNDICES DE ROTACIÓN LABORAL E PRECARIIDADE**

Redacción.- O Servizo Público de Emprego ven de publicar os datos do paro referidos ao mes de agosto. Uns datos que reflicten que Remata o mes de agosto de 2016 con 193.045 desempregados en Galicia (é a cifra máis baixa dende agosto de 2009) caendo o 1,2 por cento con respecto ao mes anterior, 2.412 desempregados menos. Esta é unha evolución máis favorable que o sucedido no Estado, no que sube o desemprego. No Estado a cifra de desempregados sitúase en 3.697.496 persoas en busca de traballo. Sen embargo, hai que sinalar que este é un mes no que a caída de desemprego é habitual pola temporada estival.

Dende hai cinco anos consolídase a contracción interanual do desemprego neste mes. En Galicia a variación interanual foi de baixada do desemprego do 9,7 por cento, 20.687 desempregados menos (no Estado tamén hai unha acusada contracción con 370.459 parados menos e o 9,11 por cento).

O paro segue afectando máis ás mulleres acadando un record histórico na desigualdade laboral

A contracción do desemprego, no mes, repercute moito máis nos homes ca nas mulleres, -2,43 por cento e -0,26 por cento respectivamente. Coma sempre as mulleres volven a ter maior peso no desemprego, acadando unha porcentaxe máxima nos últimos anos, 55,7 por cento do total. En ter-

mos interanuais cae en ambos sexos, pero como xa se ven consolidando, a recuperación das cifras de desemprego beneficia moito máis a homes que a mulleres, os homes contraen a cifra de desempregados nun 11,5 por cento fronte á menor caída, o 8,16 por cento menos, no caso das mulleres. O mercado laboral, ao retomar unha senda de mellora, beneficia moito máis aos homes, polo que a desigualdade no mercado laboral segue presente.

A saída de mozos da nosa Comunidade fai que haxa menos parados menores de 25 anos

Por idades o paro para os menores de 25 anos sitúase en 8.941 persoas, caída superior no mes ao total do paro. No ano hai unha caída tamén máis acusada que no total de idades, -16,52 por cento (1.769 parados menores de 25 anos menos) fronte ao -9,7 por cento do total de idades. As razóns desta forte caída podemos atopala na saída de efectivos da nosa comunidade así como a falta de relevo xeracional.

No mes, por sectores, contraese en todos eles, en termos relativos cae máis na construción cun 3,71 por cento e agricultura co 3,01 por cento menos e anualmente, con respecto a 2015, a contracción é na

construción cun -17,90 por cento e industria -14,48 por cento

O alto número de contratos producidos só proba a rotación e a debilidade do mercado laboral galego

No mes se producen un total de 87.509 contratos, proba da rotación que se da no mercado laboral galego e da súa debilidade para xerar postos de traballo fixos e de calidade, xa que o número de asalariados sitúase en torno a 800.000

A taxa de cobertura segue caendo a mínimos, só 94.000 persoas desempregadas en Galicia teñen algún tipo de prestación

A cifra de beneficiarios con prestacións por desemprego en Galicia en xullo de 2016 (último dato dispoñible), é de tan só 94.372 persoas. O carácter contributivo desta prestación está en mínimos, tan só 39.097 son beneficiarios de prestación contributiva. A taxa de cobertura sitúase no 52,9 por cento, se a comparamos co mesmo mes fai un ano era de 54,6 por cento.

A media de afiliados á Seguridade Social é en Galicia de 979.105 (afiliados cotizantes en Galicia, agosto o 2016), 5.132 máis no mes, o 0,53 por cento. E se a comparación a facemos con agosto do 2015 o incremento é de 15.909 persoas, o 1,65 por cento.

Agosto	Variación mensual	Variación interanual
2007	0,2	-4,2
2008	2,1	8,7
2009	1,2	28,1
2010	0,8	8,3
2011	0,7	6,2
2012	-1,1	14,6
2013	-1,4	0,1
2014	-1,4	-8,0
2015	-1,2	-9,8
2016	-1,2	-9,7

UGT APOIA O PROCESO DE PAZ EN COLOMBIA

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadores apoia, xunto ás organizacións sindicais colombianas, os Acordos de Paz alcanzados na Habana entre o Goberno colombiano e as guerrillas das FARC para a finalización da guerra e na procura dunha paz estable e duradeira, nun cesamento do fogo bilateral que desde o 29 de agosto debe ser xa definitivo.

O Acordo asinado, tras catro anos de negociacións non exentas de dificultades, deberá ser aprobado ou rexeitado agora polo pobo colombiano mediante votación no Plebiscito convocado para o 2 de outubro.

Para UGT, o fin a confrontación armada significará o fin do enorme sufrimento que causou o conflito. Son millóns as vítimas de desprazamento forzado, centos de miles os mortos, decenas de miles os desaparecidos

de toda índole, sen esquecer o amplo número de poboacións que foron afectadas dunha ou outra maneira, incluíndo mulleres, nenos, nenas e adolescentes, comunidades campesiñas, indíxenas, afrocolombianas, partidos políticos, defensores dos dereitos humanos, movementos sociais e organizacións sindicais.

A aposta pola paz e a campaña sindical unitaria "SI á paz no Plebiscito", iniciada o 17 de agosto co apoio e presenza da Confederación Sindical Internacional (CSI) e a Confederación Sindical das Américas (CSA) son a oportunidade, no novo contexto, para responder os desafíos no logro da xustiza social, do traballo decente, da democratización das relacións laborais, no recoñecemento dos dereitos sindicais, da negociación colectiva, na reparación colec-



tiva do sindicalismo e na construción dunha paz positiva para os 24 millóns de traballadores e traballadoras e o pobo colombiano.

A posta en marcha dos acordos require de profundas reformas na educación, na saúde, nas zonas rurais, reformas de carácter político democrático, da xustiza, todas elas en favor dos traballadores e traballadoras colombianos.

Por iso, UGT, como parte do movemento sindical internacional, estará presente no apoio decidido do proceso de consolidación da paz dos colombianos.

CRECE UN 7,3% O NÚMERO DE FOGARES SEN NINGÚN TIPO DE INGRESOS, NA LEXISLATURA DO PP

Redacción.- Lonxe de reforzar a protección social para atender a crecente necesidade de moitas persoas, que sofren a crise, as políticas impostas polo Goberno do PP supuxeron unha baixada na cobertura das prestacións e acrecentaron a pobreza e a desigualdade. O número de fogares que non teñen ningún perceptor de ingresos creceu un 7,3% (isto é 47.500 fogares) de 2012 a 2016 e cada vez hai máis desempregados sen ningún tipo de protección. Desde 2012 o número de beneficiarios de prestacións caeu máis do 30% e a taxa de cobertura pasou 66% en 2012 a valores por baixo do 53% en boa parte de 2016. UGT esixe que nesta nova lexislatura pónase en marcha, de maneira inmediata, unha prestación de ingresos mínimos para os desempregados sen recursos, que querendo traballar non atopan emprego, vinculada directamente á Seguridade Social e desenvolver un Plan integral contra a pobreza e a exclusión social, que asegure a alimentación básica e o acceso a bens esenciais tales como a auga, a electricidade, o gas e a calefacción das persoas sen recursos, así como o acceso a dereitos fundamentais (educación de calidade, sanidade universal, protección da vivenda, etc)

A crise e as políticas de austeridade e recorte que se aplicaron para combatela provocaron que moitas familias visen reducidos os seus ingresos (desde, 2010 os fogares perderon un 12% da súa renda e desde 2012, un 6%, segundo a Enquisa de Condicións de Vida de 2015, do INE). Con todo, o máis grave é que en 4 anos, de 2012 a 2016, incrementar un 7,3% o número de fogares sen ningún perceptor de ingresos (xa son 693.600 fogares).

Doutra banda, a taxa de cobertura de prestacións pasou do 66% en 2012 a valores por baixo do 53% en boa parte de 2016 e o número de beneficiarios de prestacións reduciuse de 2.942.061 persoas, en 2012, a 1.955.493 en xuño de 2016. Caeu o número de perceptores practicamente en todas as prestacións: dos beneficiarios de prestacións contributivas, de prestacións asistenciais e de Renda Activa de Inserción.

Aínda que descende o paro rexistrado de 2010 a 2016 nun 1,2%, cada vez hai máis desempregados sen ningún tipo de protección. Así, neste período o número de beneficiarios de prestacións por desemprego caeu máis do 32% (pasando de 3.042.734 en 2010 a 2.046.578 o primeiro semestre deste ano).

O peso do paro de longa duración é cada vez maior: os desempregados que levan máis dun ano buscando emprego pasaron de representar o 20% do total de parados en 2008 a representar o 58% (o 42% leva xa máis de dous anos sen traballo). É dicir, 2.660.000 persoas buscan traballo desde fai máis dun ano e máis de dous millóns desde fai dous).

Todas estas cifras explican que a poboación en risco de pobreza ascenda a 12,8 millóns de persoas e a severa afecta a máis de 3 millóns. A pobreza infantil supera xa os dous millóns de nenos e nenas.

Fronte a esta dura realidade e un modelo de crecemento económico desequilibrado e inxusto que deixa na cuneta a millóns de persoas, UGT demanda



desenvolver unha estratexia global. Neste sentido, é preciso:

- Apostar por un cambio de política económica, que permita ao noso país crecer no medio e longo prazo en industria, innovación e coñecemento, logrando aumentos da produtividade e competitividade.
- Un Plan de choque polo Emprego, baseado en empregos de calidade e salarios decentes. Así mesmo hai que protexer ás persoas e xerar políticas activas desde o público.
- Unha Prestación de Ingresos Mínimos para os parados sen recursos que querendo traballar non atopan emprego. Trátase dun novo dereito subxectivo que se debe vincular directamente á Seguridade Social e financiarse vía Presupostos Xerais do Estado.

Un Plan integral contra a pobreza e a exclusión social para asegurar a alimentación básica, e o acceso a bens esenciais como luz, auga, gas e calefacción. Ademais do acceso aos dereitos fundamentais: educación de calidade, sanidade universal, protección da vivenda.

RAJOY INSISTIU NO SEU DISCURSO NA AUSTERIDADE E A REFORMA LABORAL E ESQUECEU OS PROBLEMAS DOS CIDADÁNS



Redacción.- UGT - en contra do que defendeu o pasado mércores o candidato a presidente do Goberno, Mariano Rajoy, durante o seu discurso no debate de Investidura- considera que si existen alternativas viables a unha política económica que empeorou as condicións de vida e traballo da maioría dos cidadáns.

Rajoy volveu defender as políticas de recorte e austeridade levadas polo Goberno do Partido Popular, que provocaron un aumento da pobreza e a desigualdade no noso país. Rajoy obviou no seu discurso que máis de 12 millóns de persoas viven en risco de pobreza, 3 deles en pobreza severa e a pobreza infantil afecta a dous millóns de nenos e nenas. Esqueceu mencionar que en 4 anos, de 2012 a 2016, aumentou o número de fogares sen ningún tipo de ingresos en 47.500, situándose xa en 693.600 fogares, e que hai un millón e medio de familias con todos os seus membros en paro. Non se detivo a sinalar que un de cada cinco españois en idade de traballar está desempregado e que un de cada dous mozos tamén o está, que o paro de longa duración é cada vez maior (o 58% dos parados leva máis dun ano en paro e o 42% máis de dous anos) e cada vez hai máis desempregados sen ningún tipo de protección, ata o punto de que máis da metade dos parados non ten ningunha cobertura económica.

Mención destacada merece a defensa que fixo da reforma laboral de 2012, argumentando o emprego que xera, pero esquecendo que é precario e temporal e que, previamente, axudou a destruír emprego porque facilita o despedimento, ademais de que precariza as condicións de traballo, devalúa os salarios e desequilibra as relacións laborais. Isto unido aos recortes levados a cabo no noso Estado de Benestar (sanidade, educación, pensións, dependencia, servizos públicos, etc.) lévanos a un país que crece, pero deixa á marxe a unha gran maioría social.

Rajoy non fixo mención á necesidade de crecemento dos salarios, nin ao incremento de necesario do SMI, nin á ILP para unha Prestación de Ingresos Mínimos que máis de 700.000 españois avalaron coa súa firma e que pretende dar cobertura a dous millóns de familias sen ingresos. O mesmo ocorre coa necesidade de dar unha solución que asegure o futuro do sistema de pensións.

En definitiva, Rajoy aposta pola continuidade das políticas desenvolvidas polo Goberno en funcións, que xa se demostraron como un fracaso.

UGT lembra que antes da celebración das eleccións, os sindicatos fixeron chegar aos partidos políticos o documento: "20 Ac-

tuacións urxentes polo progreso e o benestar social", onde se ofrecen alternativas ás políticas que defende Rajoy. Neste sentido, o sindicato demanda entre outras cousas:

- Afrontar un cambio do noso modelo produtivo, en base a unha industria forte, con alto valor engadido, apostando polo I+D+i, a formación e cualificación dos traballadores, etc.
- Un Plan de choque polo Emprego, baseado en empregos de calidade e salarios dignos. Para iso é preciso derogar as dúas últimas reformas laborais e reorientar e fortalecer as políticas activas de emprego.
- Reforzar a protección social establecendo un Plan integral contra a pobreza e a exclusión social (que asegure a alimentación básica, o acceso a bens esenciais e aos dereitos fundamentais) e unha Prestación de Ingresos Mínimos, para os parados sen recursos que non atopan traballo.

UGT reclama outras políticas que impulsen o necesario cambio de modelo produtivo, asegure un crecemento estable e con dereitos e resolva os problemas reais das persoas do noso país.

Programa de garantía xuvenil

Programa extraordinario de activación para o emprego

¡INFÓRMATE!

Dirixete ás sedes de **UGT**
ou en: <http://www.ugtg Galicia.org>